

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE MESTRES/AS DE SAXOFÓN PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE AMES

EXPEDIENTE:2018/G003/003017

ANTECEDENTES:

Con data 26 de novembro de 2018, o Tribunal encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón para a escola municipal de música do Concello de Ames, nomeado por Decreto da Alcaldía núm. 2482/2018, de 8 de novembro, presentou a súa proposta para a creación de dita bolsa cos aspirantes que houberan superado o proceso selectivo en rigoroso orden da puntuación acadada.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local e de acordo co establecido no artigo 12 das bases aprobadas mediante o Decreto da Alcaldía 1879/2018, de 7 de setembro, e publicadas no B.O.P núm. 176, de 14 de setembro de 2018, no taboleiro da sede electrónica e na Web oficial do Concello, **RESOLVO:**

Primeiro.- Crear unha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón para a escola municipal de do Concello de Ames, quedando composta da forma que se indica no Anexo I.

Segundo.- A xestión da bolsa de traballo realizarase polo Servizo de RR.HH, rigorosamente pola orde establecida na mesma e segundo establecido no Texto refundido do regulamento para a xestión de bolsas de traballo temporal no Concello de Ames (BOP 212, de 7 de novembro de 2018)

Terceiro.- Publicar a bolsa de traballo resolta por este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web municipal.

Cuarto.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

ANEXO I

BOLSA DE TRABALLO DE MESTRES/AS DE SAXOFÓN DA EMMA

- | |
|---------------------------------------|
| 1. Cadaveira Martínez, Patricia María |
|---------------------------------------|